

# Galicia

Mantemento foral,  
desindustrialización e emigración

## 2. Mantemento foral, desindustrialización e emigración en Galicia

- Durante o século XIX Galicia
  - Consolídase como país subdesenvolvido
  - Afástase das rexións máis dinámicas de Europa e España
- Causas:
  - Mantemento do sistema foral
  - Desindustrialización e atraso económico
  - Emigración masiva

# 2.1. A pervivencia do sistema foral

- Peculiaridades da desamortización eclesíástica de Mendizabal en 1836
  - **A venda de terras faise en Galicia coa condición de respectar o dominio útil**
  - Razón: evitar unha conmoción social
  - Consecuencias:
    - Os compradores realmente só adquiren o dereito a cobraren a renda foral
    - Os aforados, sexan fidalgos ou campesiños, seguen igual
    - Mantéñense as inercias que iniben a necesaria transformación da agricultura
- Peculiaridades da desamortización civil de Madoz en 1855
  - **Minimización das privatizacións das terras comunais**
    - Importancia dos montes veciñais para o mantemento do sistema agrario tradicional
    - Acción conxunta de campesiños e rendeiros
- O mantemento anómalo do sistema foral bloquea o desenvolvemento económico do país:
  - A agricultura e a gandaría amosan claros sinais de estancamento
  - Os remedios técnico-productivos melloran pouco a situación
- Os minoritarios sectores progresistas propoñen eliminar a duplicidade de dominios para:
  - Crear unha verdadeira propiedade privada da terra
  - Incentivar a produción e a innovación
- Congreso Agrícola Galego de 1864
  - Ponse de manifesto a forza dos rendeiros
  - Derrota dos redencionistas
  - Todo continúa como sempre

# Os problemas do minifundio

- Aliviada aos poucos a propiedade territorial das enormes cargas que a abafan con tan exorbitantes pensións e gravames a que está suxeita, melloraría a condición do labrego; isto é, que o labrego sería máis rico no sucesivo. Mentres tanto o antigo forista, ou investiría o capital reintegrado en arranxar e reducir ao labor novas terras para satisfacer as maiores demandas de subsistencia , consecuencia natural dun aumento necesario da poboación, ou cedería un lugar no seu ánimo ao espírito fabril para gañar en industria moito máis ca puidese perder en rendas territoriais. E como(...) só compra aquel que ten que vender, colíxese doadamente que mellorada a sorte do labrego, asegúranse ao mesmo tempo as saídas ou o despacho dos produtos fabrís. (...)
- Así iríamos sentando as bases dunha íntima alianza entre as fortunas industriais e comerciais e a aristocracia territorial, e vencendo esa funesta forza de inercia que caracteriza á case totalidade dos nosos grandes propietarios
- **Manuel Colmeiro: Memoria sobre o modo máis axeitado de remediar os males inherentes á extremada subdivisión da propiedade territorial en Galicia, 1843**
- **Valora as posibilidades do modelo de desenvolvemento proposto nas condicións reais da época**

## 2.2. Desindustrialización e atraso (1)

- **Destrucción das poucas fábricas que había durante a Guerra da Independencia**
  - Non volven a funcionar
  - Tres excepcións:
    - A de Sargadelos, agora reconvertida á produción de louza fina
    - Os estaleiros ferroláns, polas necesidades bélicas do Estado
    - A Fábrica de Tabacos na Coruña
- **Atrofiamento da industria rural**
  - Non pode competir cos produtos da industria moderna doutras zonas
    - A produción de lenzos de liño é desprazada polos tecidos cataláns de algodón
    - A produción das ferrarías pola ferrallería de vascos e asturianos
  - Isto cega a fonte de ingresos complementarios dos campesiños, que agravan a súa precariedade



**Na Fábrica de Tabacos da Coruña traballaron ao redor de 3000 mulleres**


## 2.2. Desindustrialización e atraso (2)

- **Desenvolvemento da industria da salgadura**
  - É a única excepción positiva
  - Iniciada no século XVIII e concentrada nas Rías Baixas
  - Introdúcense novas técnicas de conserva
  - Ten un efecto de arrastre sobre outras actividades:
    - Construción de barcos de pesca
    - Fabricación de aparellos e envases metálicos
  - Xurdimento do único complexo industrial autóctono de Galicia centrado en Vigo
- **Retraso na construción do ferrocarril**
  - Falta de alicientes para o investimento ferroviario
    - Contexto de atraso industrial
    - Previsible escaseza de pasaxeiros e de mercadorías
  - A inexistencia de ferrocarrís bloquea a exportación de produtos galegos, especialmente o gando
  - Primeiro tramo ferroviario interior
    - Santiago – Carril, de 41 kms, inaugurado en 1873, froito da iniciativa da feble burguesía compostelá
  - Enlace co resto de España
    - Liña Norte, Astorga – Monforte, con ramais a Vigo e A Coruña, inaugurado en 1885
    - Pola liña Sur, Zamora – Puebla de Sanabria, haberá que agardar ata 1957

# As liñas férreas en España








Viaduto da Chanca, no ferrocarril do Noroeste (Lugo-A Coruña).

## 2.3. A emigración

- **Crecemento da poboación menor que no conxunto de España**
  - Galicia pasa de 1.242.000 habitantes en 1787 a 1.980.000 en 1900
  - Representa o 13,5% da poboación española en 1787, o 11,4% en 1860 e o 10,6% en 1900
  - Mantemento de episodios de mortalidade catastrófica:
    - Epidemias de cólera
    - A fame de 1853
- **Desequilibrio entre poboación e recursos**
  - O estancamento económico non pode facer fronte ao crecemento demográfico
  - **Emigración masiva**
    - Ata mediados do século XIX mantéñense pautas anteriores:
      - Pequenos continxentes de emigración definitiva a outras zonas de España e América
      - A tradicional emigración temporeira á sega en Castela
    - Dende 1860 emigración masiva a América
      - Impulsada por:
        - » O desenvolvemento económico de Cuba
        - » A política populacionista de países como Arxentina
        - » A aparición dos grandes barcos de vapor quen de levaren moitos pasaxeiros a un custo razoable
      - Saldo migratorio neto de 370.000 entre 1860 e 1900

# A emigración, un mal necesario

- Cada vez que unha parte considerable da xuventude galega abandona os fogares patrios, para ir buscar en remotos climas as condicións de traballo e de vida que este infortunado país lle nega, (...) un clamor xeral elévase de todos os ángulos do territorio, condenando a emigración que priva ao país da flor e nata da súa xuventude e que mina fundamentalmente a súa riqueza, convertendo nunha rexión pobre e abatida á que polas súas envexables condicións debería figurar entre as máis ricas e florecentes provincias españolas. E no entanto, por dolorosa que sexa a emigración (...) é un ben para Galicia, dadas as súas condicións actuais e o lamentable estado ao que se encontra reducida. Mentres estas condicións non varíen, mentres as provincias galegas non saian da parálise á que parecen condenadas, a emigración é un mal necesario que nos evita outros enfrontamentos maiores.
- Unha gran parte da poboación galega veríase privada por completo dos indispensables medios de subsistencia, converténdose nun elemento de perturbación nos campos e nas cidades. Todos estes obreiros sen xornal (...) devorarían uns a outros por medio da competencia desesperada ata que, perdida por completo a esperanza de atoparen traballo a ningún prezo, acabarían por comprometer seriamente a orde e a tranquilidade pública.
- **L.Saralegui: O pensamento de Galicia, 1866**
- **Comenta a opinión ambivalente de Saralegui sobre as consecuencias da emigración.**
- **A que “perturbacións” alude?**



A poboación galega no século XIX.